

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

*RESOLUCIÓN do 9 de outubro de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se autorizan centros educativos para impartiren o programa plurilingüe no segundo ciclo da educación infantil (Plurinfantil) para o curso 2023/24.*

De conformidade co establecido no artigo 16 da Resolución desta dirección xeral, do 24 de marzo de 2023, pola que se regula o programa plurilingüe no segundo ciclo da educación infantil (plurinfantil), para o curso 2023/24, esta dirección xeral

#### RESOLVE:

Primeiro. Autorizar os centros que se relacionan no anexo desta resolución para impartiren o programa Plurinfantil, de plurilingüismo no segundo ciclo da educación infantil.

Segundo. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso potestativo de reposición, ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. De non consideraren oportuna a interposición do citado recurso, poderán formular directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2023

Judith Fernández Novoa  
Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

#### ANEXO

##### Centros autorizados 2023/24

Cód. do centro	Nome do centro	Idioma	Etapas autorizadas
15004794	CPR Plurilingüe Fogar de Santa Margarida	Inglés	Educación infantil
15021524	CEIP Plurilingüe A Cristina	Inglés	Educación infantil



Cód. do centro	Nome do centro	Idioma	Etapas autorizadas
27007223	CPR Real Colegio Padres Escolapios	Inglés	Educación infantil
27014070	CEIP Plurilingüe de Palas de Rei	Inglés	Educación infantil
27020801	CEIP Plurilingüe de Monterroso	Inglés	Educación infantil
32004118	CPI Antonio Faílde	Inglés	Educación infantil
36004514	CPR Plurilingüe La Inmaculada	Inglés	Educación infantil
36006997	CPR Santo Tomás	Inglés	Educación infantil
36007709	CEIP Plurilingüe de Reboreda	Inglés	Educación infantil
36010927	CPR Plurilingüe Alborada	Inglés	Educación infantil
36015792	CEIP Plurilingüe Xulio Camba	Inglés	Educación infantil
36024069	CRA A Picaraña	Inglés	Educación infantil

